



CURSO: 2023-24	DEPARTAMENTO: Filosofía
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

1ºESO

2ºESO

3ºESO

MATERIA: EDUCACIÓN EN VALORES ÉTICOS E CÍVICOS

Á hora de cualificar terase en conta que nos atopamos ante unha materia cunha carga horaria dunha hora á semana. A nota de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª) divídese en dúas porcentaxes, de 80% e de 20%. Explícase a continuación as especificacións disto:

1. En cada avaliación parcial haberá unha proba baseada nos contidos dados que suporá o 80% da cualificación.

2. O 20% restante corresponderá á produción de traballo do alumnado na aula. Formularase unha observación sistemática do traballo realizado polo alumnado durante as distintas sesións teóricas, é dicir: a realización de actividades sobre o soporte textual, pequenas actividades de asimilación, ampliación ou reforzo ou actividades colectivas e de posta en común.

No caso de que exista alumnado que falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nun trimestre, o apartado do 80% pasaría a ocupar o 100% da nota desa avaliación.

O alumnado que non aprobe calquera avaliación parcial terá a opción de realizar unha recuperación de cada unha das avaliacións ao longo do curso académico.



A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

No caso de que o alumnado tivera que realizar calquera recuperación a media da avaliación final realizarase sempre coa nota que máis favoreza ao estudante, sexa esta a da recuperación (que será calculada co 100% da nota da proba ou tarefas de recuperación) ou a da avaliación parcial suspensa.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo. Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.

4ºESO

MATERIA: FILOSOFÍA

A nota de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª) divídese en dúas porcentaxes, de 80% e de 20%. Explícase a continuación as especificacións disto:

1. En cada avaliación parcial haberá unha proba baseada nos contidos dados que suporá o 80% da cualificación.

2. Un 20% virá dado pola produción de traballo do alumnado. Esta porcentaxe dividirse no seguinte:

2.1. Un 10% corresponderá á observación sistemática do traballo realizado polo alumnado durante as distintas sesións teóricas, é dicir: a realización de actividades sobre o soporte textual, pequenas actividades de asimilación, ampliación ou reforzo ou actividades colectivas e de posta en común.

2.2. Un 10% referirase á realización de actividades específicas establecidas para este apartado, que poderían ser exposicións, pequenos proxectos, etc. (sempre serán decididas en función das características do grupo e do currículo). A cualificación das mesmas seguirá unha rúbrica orientativa que se establecerá en función da tipoloxía de cada tarefa.

No caso de que exista alumnado que falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nun trimestre, o apartado do 80% pasaría a ocupar o 100% da nota desa avaliación.

O alumnado que non aprobe calquera avaliación parcial terá a opción de realizar unha recuperación de cada unha das avaliacións ao longo do curso académico.

A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

No caso de que o alumnado tivera que realizar calquera recuperación a media da avaliación final



realizarse sempre coa nota que máis favoreza ao estudante, sexa esta a da recuperación (que será calculada co 100% da nota da proba ou tarefas de recuperación) ou a da avaliación parcial suspensa.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo. Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.

MATERIA: FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL E PERSOAL

Debido á tipoloxía da materia, consideramos oportuno integrar no seu desenvolvemento os elementos teóricos e prácticos de maneira orgánica, intercalando sesións de desenvolvemento maxistral e seguimento do soporte textual da materia con sesións de aplicación do aprendido, investigación e adquisición de destrezas útiles para a integración no mundo laboral.

Da mesma maneira, consideramos que ese enfoque debe verse reflexado nos criterios de cualificación da materia, con porcentaxes que correspondan ao tempo empregado durante as sesións e no traballo particular do alumnado a cada unha das partes da materia.

1. Un 70% da cualificación de cada avaliación dependerá dos resultados obtidos polo alumnado na asimilación dos elementos teóricos da mesma. Este 70% dividirase do modo seguinte:

1.1 Un 60% corresponderá á nota numérica da proba obxectiva escrita desenvolvida polo alumnado. En principio, realizarse unha soa proba por trimestre, agás que o desenvolvemento do currículo permita ou esixa a realización de probas adicionais. Neste último caso, a cualificación calcularase a partir da media aritmética das notas das diferentes probas elaboradas.

1.2 O 10% restante corresponderá á observación e avaliación do traballo realizado polo alumnado durante as sesións teóricas, é dicir: a realización de actividades sobre o soporte textual, pequenas actividades de asimilación, ampliación ou reforzo ou actividades colectivas e de posta en común.

2. O 30% restante corresponderá coa realización das actividades propostas nas sesións prácticas. A cualificación das mesmas seguirá unha rúbrica orientativa, descrita abaixo, que poderá ser sometida a variacións e especificacións atendendo á tipoloxía da proba.

2.1 Un 50% da nota virá marcado pola adecuación do resultado da actividade á súa tipoloxía proposta: por exemplo, a correcta comprensión do formato e o contido dun CV e a realización do mesmo de maneira adecuada, a correcta recompilación de ofertas de traballo segundo a tipoloxía do demandante de emprego... etc. A utilización dunha linguaxe apropiada en cada caso está



contemplada tamén no presente apartado da rúbrica.

2.2 Ata un 30% da nota de cada actividade virá marcado pola orixinalidade: a persoa ou grupo que presente os resultados deberá ser a responsable intelectual dos mesmos, e evitar propostas estandarizadas ou carentes de elaboración propia (agás cando a tipoloxía da actividade o esixa).

2.3 Un 20% da nota corresponderá á eficiencia e destreza no manexo de datos e a súa correcta integración, sexa cal sexa a súa procedencia e tipoloxía (dixital ou analóxica, escrita ou audiovisual... etc.) Contemplando este elemento, procurarase formar ao alumnado na importancia que hoxe en día ten o manexo da información, especialmente no mundo laboral e nas decisións económicas, tanto persoais como colectivas, así como favorecer a aprendizaxe de destrezas útiles tamén para a investigación e o estudo.

Esta rúbrica será desenvolta con indicadores de logro adecuados ao formato de cada unha das probas, dos que o alumnado será debidamente informado para resolver calquera dúbida sobre o esixido.

A cualificación final calcularase en base á media aritmética das tres avaliacións. No caso de que o alumnado teña que recuperar unha avaliación, realizarase unha proba escrita que recolla os contidos da avaliación suspensa. Para o cálculo da cualificación final, empregarase a nota máis alta de cada avaliación, sexa esta a obtida na proba de recuperación ou a obtida na avaliación regular.

No caso de que algún alumno falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nunha avaliación, o punto 1 pasaría a corresponder ao 100% da nota.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo.

Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.



1ºBACHARELATO

MATERIA: FILOSOFÍA

A nota de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª) divídese en dúas porcentaxes, de 80% e de 20%. Explícase a continuación as especificacións disto:

1. En cada avaliación parcial haberá mínimo unha proba baseada nos contidos dados que suporá o 80% da cualificación. No caso de realizar máis dunha proba calcularase a media aritmética entre as notas obtidas en cada un dos exames.

2. Un 20% virá dado pola produción de traballo do alumnado. Esta porcentaxe dividirse no seguinte:

2.1. Un 10% corresponderá á observación sistemática do traballo realizado polo alumnado durante as distintas sesións teóricas, é dicir: a realización de actividades sobre o soporte textual, pequenas actividades de asimilación, ampliación ou reforzo ou actividades colectivas e de posta en común.

2.2. Un 10% referirase á realización de actividades específicas establecidas para este apartado, que poderían ser exposicións, pequenos proxectos, lectura de libros propostos polo profesorado, etc. (sempre serán decididas en función das características do grupo e do currículo). A cualificación das mesmas seguirá unha rúbrica orientativa que se establecerá en función da tipoloxía de cada tarefa.

No caso de que exista alumnado que falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nun trimestre, o apartado do 80% pasaría a ocupar o 100% da nota desa avaliación.

O alumnado que non aprobe calquera avaliación parcial terá a opción de realizar unha recuperación de cada unha das avaliacións ao longo do curso académico.

A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. No caso de que o alumnado tivera que realizar calquera recuperación a media da avaliación final realizarase sempre coa nota que máis favoreza ao estudante, sexa esta a da recuperación (que será calculada co 100% da nota da proba ou tarefas de recuperación) ou a da avaliación parcial suspensa.

A cualificación da avaliación extraordinaria constituirá o 100% da nota que o alumnado acade nunha proba de contidos de todo o curso.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo. Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.



MATERIA: ANTROPOLOXÍA

A nota de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª) divídese en dúas porcentaxes, de 80% e de 20%. Explícase a continuación as especificacións disto:

1. En cada avaliación parcial haberá unha proba baseada nos contidos dados ou traballo de campo ou investigación (elixir un ou outro dependerá das características específicas do grupo) que suporá o 80% da cualificación.

2. Un 20% virá dado pola produción de traballo do alumnado. Esta porcentaxe dividirase no seguinte:

2.1. Un 10% corresponderá á observación sistemática do traballo realizado polo alumnado durante as distintas sesións teóricas, é dicir: a realización de actividades sobre o soporte textual, pequenas actividades de asimilación, ampliación ou reforzo ou actividades colectivas e de posta en común.

2.2. Un 10% referirase á realización de actividades específicas establecidas para este apartado, que poderían ser pequenos proxectos, recreacións de aspectos antropolóxicos, etc. (sempre serán decididas en función das características do grupo e do currículo). A cualificación das mesmas seguirá unha rúbrica orientativa que se establecerá en función da tipoloxía de cada tarefa.

No caso de que exista alumnado que falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nun trimestre, o apartado do 80% pasaría a ocupar o 100% da nota desa avaliación.

O alumnado que non aprobe calquera avaliación parcial terá a opción de realizar unha recuperación de cada unha das avaliacións ao longo do curso académico.

A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. No caso de que o alumnado tivera que realizar calquera recuperación a media da avaliación final realizarase sempre coa nota que máis favoreza ao estudante, sexa esta a da recuperación (que será calculada co 100% da nota da proba ou tarefas de recuperación) ou a da avaliación parcial suspensa.

A cualificación da avaliación extraordinaria constituirá o 100% da nota que o alumnado acaden nunha proba de contidos de todo o curso.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo. Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.

2ºBACHARELATO

MATERIA: HISTORIA FILOSOFÍA

Nesta materia primase a adquisición dun coñecemento ordeado e debidamente contextualizado dos contidos esenciais da historia do pensamento occidental, así como a preparación do alumnado para a elaboración dun comentario de texto filosófico adecuado á normativa establecida pola CiUG para a realización das probas de ABAU.

Por ese motivo, os criterios de cualificación da materia xirarán a redor da obtención dos coñecementos e destrezas precisas para a exposición ordenada, argumentada e razoada das ideas de autoras e autores a partir de fragmentos textuais de contido filosófico. Seguirase, para a selección dos mesmos, a escolma fornecida pola CiUG, que o equipo docente poderá reforzar, sempre que o considere preciso, con textos e apuntamentos propios.

1. Un 80% da cualificación de cada trimestre estará reservado ao desenvolvemento de probas na aula, baixo supervisión docente, que sigan a tipoloxía e o formato de comentario de texto filosófico. Se se realizase máis dun exercicio desta tipoloxía nunha avaliación parcial dada, a cualificación calcularase en base á nota media aritmética obtida polo alumnado en cada unha das probas.

1.1 Un 50% da nota dependerá dos coñecementos sobre a filosofía da autora ou autor expostos no comentario, así como da elaboración de referencias concretas ao corpo do texto que denoten a correcta comprensión e asimilación do mesmo.

1.2 Un 25% da nota corresponderá ao emprego do vocabulario técnico preciso e adecuado e da comprensión dos conceptos filosóficos esenciais para a unidade didáctica avaliada.

1.3 Un 25% da nota corresponderá á correcta estruturación e formato do comentario de texto. Ao alumnado facilitaráselle guías e indicacións claras ao respecto do mesmo, coa finalidade de formalos na elaboración de textos que comuniquen as ideas do xeito máis claro, conciso e adecuado ás limitacións temporais posible.

O apartado 1.2 e o apartado 1.3 considéranse esenciais para a correcta elaboración dun comentario de texto filosófico, e non obter neles a cualificación suficiente podería repercutir negativamente sobre a cualificación obtida no apartado 1.1. A mera reprodución sen orde, rigor ou referencia ao texto das ideas da autora ou autor a tratar non obterá, en ningún caso e a pesar da súa posible exhaustividade, unha cualificación de aprobado. Precísase obter unha cualificación minimamente positiva (a correspondente a un 12,5% sobre o total da nota, isto é, á metade da máxima posible) nos apartados 1.2 e 1.3 para que estes non repercutan negativamente sobre a cualificación do apartado 1.1.

Unha cualificación entre 0 e 0,75 en calquera dos apartados suporía a resta de ata 1 punto da cualificación do apartado 1.1 e a cualificación de 0,75 a 1,25, a resta de ata 0,5 puntos. O impacto



negativo destes apartados é acumulativo: así, unha persoa que expuxera a totalidade dos contidos do tema a comentar, pero sen adecuarse á linguaxe e ao formato propios dun comentario filosófico, sumaría unha penalización de dous puntos, polo que non podería optar a máis dun 3 na cualificación total do exercicio.

2. Un 20% da cualificación corresponderá á nota de comentarios de texto de entrenamiento elaborados individualmente, a modo de traballo persoal, sen restrición á súa elaboración na aula e con marxes temporais máis amplos. Realizarase un exercicio desta tipoloxía por trimestre, e corríxase empregando os mesmos criterios do apartado 1. O equipo docente resérvase a posibilidade de complementar estes exercicios con outros, como a elaboración de esquemas, glosarios, listaxes de obras... e, en definitiva, calquera outro exercicio que puidese servir para ampliar e garantir a formación do alumnado na realización de comentarios filosóficos.

No caso de que algún alumno falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nunha avaliación, o punto 1 pasaría a corresponder ao 100% da nota.

A cualificación da avaliación final ordinaria calcularase en base á media aritmética das tres avaliacións. No caso de que o alumnado teña que recuperar unha avaliación, realizarase unha proba escrita que recolla os contidos da avaliación suspensa. Para o cálculo da cualificación final, empregarase a nota máis alta de cada avaliación, sexa esta a obtida na proba de recuperación ou a obtida na avaliación regular.

Cabe aclarar que se un alumno ten unha discapacidade transitoria que non lle permita facer a proba escrita, se lle fará un exame oral que permita emitir unha nota numérica.

Indícase que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo.

Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.

A cualificación da avaliación extraordinaria constituirá o 100% da nota que o alumnado acade nunha proba de contidos de todo o curso.

MATERIA: PSICOLOXÍA

Unha grande parte da labor realizada pola psicoloxía baséase en aspectos prácticos de atención persoal e investigación, pero todas as intervencións psicolóxicas realízanse dende unha profunda comprensión teórica dos conceptos fundamentais da disciplina que, a modo de ferramenta e en retroalimentación continua coa mesma, serven como base da práctica.



É por iso que, á hora de deseñar os criterios de cualificación desta materia, decidimos facernos cargo deste círculo e deixalo reflexada nos mesmos.

1. Así, un 60% da cualificación de cada trimestre corresponderá coa asimilación dos conceptos fundamentais do temario, que deberán ser recollidos por probas obxectivas. En principio, está prevista a realización dunha proba teórica por cada unha ou dúas unidades didácticas, como máximo. As probas procurarán asegurar o seu carácter comprensivo e a obxectividade das correccións. Este 60% corresponderá a media das probas realizadas na avaliación.

2. O 40% restante corresponderá á realización dun traballo de investigación, ben sexa de campo ou de investigación textual, a propósito dalgún tema relacionado coa materia. O profesorado propondrá unhas liñas xerais de investigación, mais o alumnado poderase centrar nalgún aspecto particular destas, ampliar o seu alcance ou propor outras, sempre que resulten pertinentes e adecuadas aos contidos da materia.

2.1 Un 60% da nota corresponderá á exhaustividade no tratamento da temática proposta e ao correcto tratamento e orde da información.

2.2 Un 20% da nota corresponderá á orixinalidade do traballo: o emprego de vocabulario propio, a orixinalidade da liña teórica (se fose de elaboración propia) e o nivel de integración entre os membros do grupo serán tidos en conta neste apartado.

2.3 Un 20% da nota reservarase ao resultado da posta en común do traballo, a elaboración de materiais complementarios para a mesma, como presentacións interactivas, ilustracións, emprego do encerado... etc. Durante esta fase, o alumnado deberá facer fronte tamén a unha rolda de preguntas dos oíntes, entre os que se incluírá o profesorado, cuxa resolución será tida en conta para o axuste da cualificación.

Cada un dos apartados correspondentes ao punto dous constará de indicadores de logro que a persoa docente comunicará ao alumnado, coa finalidade de que a cualificación obtida sexa o máis transparente posible.

No caso de que algún estudante falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nunha avaliación, o punto 1 pasaría a corresponder ao 100% da nota.

A cualificación final calcularase en base á media aritmética das tres avaliacións. No caso de que o alumnado teña que recuperar unha avaliación, realízase unha proba escrita que recolla os contidos da avaliación suspensa. Para o cálculo da cualificación final, empregárase a nota máis alta de cada avaliación, sexa esta a obtida na proba de recuperación ou a obtida na avaliación regular.

A cualificación da avaliación extraordinaria constituirá o 100% da nota que o alumnado acade nunha proba de contidos de todo o curso.

Indícase tamén que no caso de observar falta de orixinalidade ou calquera outra acción fraudulenta nun traballo ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que entregalo de novo.



Se durante a realización dunha proba de avaliación, o alumnado é sorprendido copiando (móbil, smartwatch, libro, follas...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento e forma que vexa apropiado. No caso de que o alumnado que é sorprendido copiando non ensine o papel ou o dispositivo electrónico a través do cal o profesorado ten certeza de que estaba a copiar, só haberá a opción de retirarlle o exame e o profesorado decidirá en que momento e forma ten que repetirlo.

1º CICLO MEDIO

2º CICLO MEDIO